

## **Criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social (Artigo 3 Lei 10/2013, do 27 de novembro, de exclusión social de Galicia)**

1. Para a valoración técnica da situación ou risco de exclusión social, e de conformidade co establecido nesta lei e na normativa de desenvolvemento, verificarase a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión seguintes, cando esa condición supoña especiais dificultades de integración social ou laboral:

- a) Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas.
- b) Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias adictivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.
- c) Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.
- d) Ser unha persoa vítima de violencia doméstica.
- e) Ter unha discapacidade valorada superior ao 33%.
- f) Ser inmigrante ou emigrante retornado.
- g) Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.
- h) Proceder de cumprimento de pena nunha institución penal.
- i) Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.
- j) Pertencer a unha minoría étnica.
- k) Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.
- l) Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reatribución sexual.
- m) Calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral. Esta ponderación poderá ser tamén obxecto de avaliación por parte dos técnicos da Comunidade Autónoma.

2. Ademais da valoración técnica da situación ou risco de exclusión social de acordo con os criterios expostos no artigo anterior, para o acceso á renda de inclusión social de Galicia e ás axudas de inclusión social teranse en conta os requisitos específicos regulados nesta lei para cada unha das citadas prestacións económicas conforme a súa natureza e obxecto.

3. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, poderán valorarse como persoas en situación de risco de exclusión social e, en consecuencia, incorporarse ás prestacións económicas reguladas na presente lei e ao resto de medidas positivas de apoio aquelas persoas en que concorresen os factores de exclusión sinalados no número 1 deste artigo que obteñan ingresos derivados da súa actividade laboral que sexan inferiores ao importe da suma do ingreso mínimo máis os complementos familiares que lles correspondería percibir en concepto de tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia, a condición de que reúnan o resto dos requisitos establecidos na presente lei para o acceso ás prestacións económicas reguladas na mesma.

4. Regulamentariamente establecerase o procedemento de valoración e cualificación da situación ou risco de exclusión social de acordo cos criterios establecidos no primeiro apartado deste artigo,

así como a incorporación dos datos necesarios aos correspondentes sistemas de información da Administración xeral da Comunidade Autónoma necesarios para o mantemento do expediente social único, garantindo, en todo caso, os dereitos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e a normativa que a desenvolve.